



SUMARIO

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

- Proposición non de lei en Pleno, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a Salomé Álvarez Blanco, sobre os labores de limpeza do fuel do *Prestige*.

Doc. núm. 9408

17294

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

- Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a Laura Seara Sobrado, sobre as actuacións que se deben levar a cabo para posibilita-la integración escolar dos alumnos e alumnas inmigrantes nos centros de ensino públicos e concertados de Galicia.

Doc. núm. 9445. Comisión 4.^a

17296

- Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Manuel Luis Rodríguez

González, sobre o desenvolvemento do Real decreto 443/2001, no que se establecen as bases para que as comunidades autónomas desenvolvan a súa propia normativa en materia de transporte escolar, e en concreto no que atinxe á figura do acompañante.

Doc. núm. 9446. Comisión 4.^a

17299

- Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Bieito Lobeira Domínguez, sobre a adopción de medidas de mellora e modernización dos helicópteros *Pesca I* e *Pesca II*.

Doc. núm. 9396. Comisión 8.^a

17301

4. Procedementos de información

4.1. Solicitudes de comparecencia

4.1.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

- Solicitud de comparecencia, por iniciativa de D.^a Dolores Villarino Santiago, D. Francisco Sineiro García e D. Ricardo Varela

Sánchez, deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, do Sr. conselleiro de Economía e Facenda, para informar sobre as xestións do Goberno galego para obter fondos comunitarios destinados a reparalos danos causados pola catástrofe do *Prestige*.

Doc. núm. 9451. Comisión 3.ª

17303

4.2. Interpelacións

— Interpelación, formulada por D. Xesús Manuel Veiga Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego referentes ó impacto da guerra contra Iraq na economía galega, a súa avaliación en relación cos compromisos adicionais de gasto público que deberá asumir o Estado español e as modificacións orzamentarias previstas ó respecto.

Doc. núm. 9390

17304

— Interpelación, formulada por D.ª Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a loita contra os incendios forestais.

Doc. núm. 9392

17307

— Interpelación, formulada por D.ª Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento e desenvolvemento do Plan de adecuación, selado e clausura de vertedoiros en Galicia 1999-2005.

Doc. núm. 9393

17309

— Interpelación, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para evitar no futuro actuacións irregulares do dispositivo de salvamento marítimo operante desde Galicia.

Doc. núm. 9398

17311

— Interpelación, formulada por D.ª Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os labores de limpeza do fuel do *Prestige*.

Doc. núm. 9409

17314

— Interpelación, formulada por D. Xosé Henrique Rodríguez Peña, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das cidades do transporte ou centros coordinadores do tráfico de mercadorías.

Doc. núm. 9411

17317

— Interpelación, formulada por D. Emilio López Pérez e D. Bautista Álvarez Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego,

sobre a participación da Xunta de Galicia nun anteproxecto de lei de montes que debaterán as Cortes do Estado.

Doc. núm. 9413

17321

— Interpelación, formulada por D.ª Margarita Pérez Herraiz, D. Modesto Pose Mesura e D. Francisco Cerviño González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o desenvolvemento do III e IV Plan de igualdade de oportunidades das mulleres galegas.

Doc. núm. 9450

17324

— Interpelación, formulada por D.ª Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o informe de fiscalización do Consello de Contas respecto de Sogama, correspondente ó exercicio de 1999.

Doc. núm. 9493

17328

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

— Pregunta oral en Pleno, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os controis exercidos ós buques que recalán en portos galegos que eventualmente poidan portar mexillón cebra.

Doc. núm. 9399

17330

— Pregunta oral en Pleno, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns que impediron a utilización do buque anticontaminación *Punta Fisterra*, pertencente á Xunta de Galicia, na loita contra o fuel no mar.

Doc. núm. 9403

17332

— Pregunta oral en Pleno, formulada por D.ª Margarita Pérez Herraiz, D. Modesto Pose Mesura e D. Francisco Cerviño González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a xustificación da desproporción existente entre o orzamento para altos cargos do sistema sanitario público e os gastos de persoal en total.

Doc. núm. 9447

17334

— Pregunta oral en Pleno, formulada por D.ª Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política de alianzas do Goberno central para que Galicia siga recibindo fondos como rexión obxectivo 1, unha vez que se amplíe a Unión Europea.

Doc. núm. 9449

17335

— Pregunta oral en Pleno, formulada por D.ª Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a solución prevista respecto do pecio afundido do *Prestige*.

Doc. núm. 9491

17336

4.3.2. Preguntas orais en Comisión

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o desenvolvemento e cumprimento do Plan de adecuación, selado e clausura de vertedoiros en Galicia 1999-2005 e as previsións ó respecto para os anos 2003 e 2004.

Doc. núm. 9391. Comisión 2.ª 17337

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a planta de residuos voluminosos de Galicia.

Doc. núm. 9394. Comisión 2.ª 17338

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a descontaminación dos solos do polígono de Torneiros contaminados por lindano.

Doc. núm. 9395. Comisión 2.ª 17340

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez e D. Xosé Díaz Díaz, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a promesa da creación dun polígono industrial no Corgo.

Doc. núm. 9412. Comisión 2.ª 17342

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª Carmen Gallego Calvar e D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a información do Goberno galego respecto da situación dun vertedoiro de lixo no concello de Soutomaior e as actuacións levadas a cabo para o seu selado definitivo.

Doc. núm. 9457. Comisión 2.ª 17345

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alberto Xullo Rodríguez Feixóo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os puntos negros nas estradas da provincia de Lugo.

Doc. núm. 9459. Comisión 2.ª 17347

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas e os prazos previstos no Plan do Goberno galego para a recollida e tratamento das pilas, baterías e luces químicas usadas pola flota pesqueira galega.

Doc. núm. 9490. Comisión 2.ª 17349

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a solución

prevista respecto do pecio afundido e do fuel que se atopa dentro do *Prestige* e o criterio do Goberno galego ó respecto.

Doc. núm. 9492. Comisión 2.ª 17350

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Domingos Merino Mejuto, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación dos servizos de saneamento e depuración das augas no concello de Sada.

Doc. núm. 9497. Comisión 2.ª 17352

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª María Tereixa Novo Arrojo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas para evita-la demora do comezo do curso para os nenos e as nenas con algún tipo de anomalías que precisan dun coidador ou dunha coidadora, os datos e os criterios seguidos para a súa adxudicación ós centros.

Doc. núm. 9425. Comisión 4.ª 17355

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Eduardo Gutiérrez Fernández, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a colaboración da Xunta de Galicia coas bandas de música populares de Galicia.

Doc. núm. 9426. Comisión 4.ª 17357

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alberto Xullo Rodríguez Feixóo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a falta de neurólogos na provincia de Lugo.

Doc. núm. 9433. Comisión 5.ª 17359

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alberto Xullo Rodríguez Feixóo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a lista de espera para a realización de electromiografías no Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo.

Doc. núm. 9485. Comisión 5.ª 17362

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez e D. Bautista Álvarez Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a falta de participación da Xunta de Galicia na elaboración polo Estado dun proxecto de lei de montes.

Doc. núm. 9415. Comisión 7.ª 17364

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez e D. Xosé Díaz Díaz, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de creación do Centro Nacional de Innovación e Desenvolvemento de Tecnoloxías Marítimas, ó amparo do Plan Galicia, co financiamento da Xunta de Galicia.

Doc. núm. 9397. Comisión 8.ª 17366

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Proposición non de lei en Pleno, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a Salomé Álvarez Blanco, sobre os labores de limpeza do fuel do Prestige.

Doc. núm. 9408

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 7 de abril de 2003, admitiu a trámite a Proposición non de lei, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a Salomé Álvarez Blanco, sobre os labores de limpeza do fuel do *Prestige* (doc. núm. 9408).

Acordouse a súa tramitación no Pleno.

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que se vaia debater, de conformidade co artigo 161.2 do Regulamento da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2003
Inmaculada Rodríguez Cuervo
Vicepresidenta 1.^a

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Proposicións non de lei en Comisión formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 7 de abril de 2003, admitiu a trámite e cualificou como proposicións non de lei, acordando a súa tramitación na Comisión que se expresa, os escritos que a seguir se relacionan:

Comisión 4.^a, Educación e Cultura:

— Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a Laura Seara Sobrado, sobre as actuacións que se deben

levar a cabo para posibilita-la integración escolar dos alumnos e alumnas inmigrantes nos centros de ensino públicos e concertados de Galicia (doc. núm. 9445).

— Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Manuel Luis Rodríguez González, sobre o desenvolvemento do Real decreto 443/2001, no que se establecen as bases para que as comunidades autónomas desenvolvan a súa propia normativa en materia de transporte escolar, e en concreto no que atinxe á figura do acompañante (doc. núm. 9446).

Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo:

— Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Bieito Lobeira Domínguez, sobre a adopción de medidas de mellora e modernización dos helicópteros *Pesca I* e *Pesca II* (doc. núm. 9396).

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que se vaian debater, de conformidade co artigo 161.2 do Regulamento da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2003
Inmaculada Rodríguez Cuervo
Vicepresidenta 1.^a

4. Procedementos de información

4.1. Solicitudes de comparecencia

4.1.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Solicitud de comparecencia, por iniciativa de D.^a Dolores Villarino Santiago, D. Francisco Sineiro García e D. Ricardo Varela Sánchez, deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, do Sr. conselleiro de Economía e Facenda, para informar sobre as xestións do Goberno galego para obter fondos comunitarios destinados a reparar-los danos causados pola catástrofe do Prestige.

Doc. núm. 9451. Comisión 3.^a

Presidencia

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 7 de abril de 2003, admitiu a trámite, e acordou o seu traslado á Mesa da

Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, o escrito no que se solicita, por iniciativa de D.ª Dolores Villarino Santiago, D. Francisco Sineiro García e D. Ricardo Varela Sánchez, deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, do Sr. conselleiro de Economía e Facenda, para informar sobre as xestións do Goberno galego para obter fondos comunitarios destinados a reparar os danos causados pola catástrofe do *Prestige* (doc. núm. 9451).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2003
Inmaculada Rodríguez Cuervo
Vicepresidenta 1.ª

4.2. Interpelacións

Interpelacións formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 7 de abril de 2003, admitiu a trámite e cualificou como interpelacións os escritos que a seguir se relacionan:

— De D. Xesús Manuel Veiga Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego referentes ó impacto da guerra contra Iraq na economía galega, a súa avaliación en relación cos compromisos adicionais de gasto público que deberá asumir o Estado español e as modificacións orzamentarias previstas ó respecto (doc. núm. 9390).

— De D.ª Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a loita contra os incendios forestais (doc. núm. 9392).

— De D.ª Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento e desenvolvemento do Plan de adecuación, selado e clausura de vertedoiros en Galicia 1999-2005 (doc. núm. 9393).

— De D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para evitar no futuro actuacións irregulares do dispositivo de salvamento marítimo operante desde Galicia (doc. núm. 9398).

— De D.ª Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os labores de limpeza do fuel do *Prestige* (doc. núm. 9409).

— De D. Xosé Henrique Rodríguez Peña, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das cidades do transporte ou centros coordinadores do tráfico de mercaderías (doc. núm. 9411).

— De D. Emilio López Pérez e D. Bautista Álvarez Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a participación da Xunta de Galicia nun anteproxecto de lei de montes que debaterán as Cortes do Estado (doc. núm. 9413).

— De D.ª Margarita Pérez Herraiz, D. Modesto Pose Mesura e D. Francisco Cerviño González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o desenvolvemento do III e IV Plan de igualdade de oportunidades das mulleres galegas (doc. núm. 9450).

— De D.ª Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o informe de fiscalización do Consello de Contas respecto de Sogama, correspondente ó exercicio de 1999 (doc. núm. 9493).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2003
Inmaculada Rodríguez Cuervo
Vicepresidenta 1.ª

4.3. Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

Preguntas orais en Pleno formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 7 de abril de 2003, admitiu a trámite e cualificou como preguntas con resposta oral en Pleno os escritos que a seguir se relacionan:

— De D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os controis exercidos ós buques que recalcan en portos galegos que eventualmente poidan portar mexillón cebra (doc. núm. 9399).

— De D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns que impediron a utilización do buque anticontaminación *Punta Fisterra*, pertencente á Xunta de Galicia, na loita contra o fuel no mar (doc. núm. 9403).

— De D.^a Margarita Pérez Herraiz, D. Modesto Pose Mesura e D. Francisco Cerviño González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a xustificación da desproporción existente entre o orzamento para altos cargos do sistema sanitario público e os gastos de persoal en total (doc. núm. 9447).

— De D.^a Dolores Villarino Santiago, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política de alianzas do Goberno central para que Galicia siga recibindo fondos como rexión obxectivo 1, unha vez que se amplíe a Unión Europea (doc. núm. 9449).

— De D.^a Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a solución prevista respecto do pecio afundido do *Prestige* (doc. núm. 9491).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2003

Inmaculada Rodríguez Cuervo
Vicepresidenta 1.^a

4.3.2. Preguntas orais en Comisión

Preguntas orais en Comisión formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 7 de abril de 2003, admitiu a trámite e cualificou como preguntas orais, acordando a súa tramitación na Comisión que se expresa, os escritos que a seguir se relacionan:

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicos:

— De D.^a Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o desenvolvemento e cumprimento do Plan de adecuación, selado e clausura de vertedoiros en Galicia 1999-2005 e as previsións ó respecto para os anos 2003 e 2004 (doc. núm. 9391).

— De D.^a Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a planta de residuos voluminosos de Galicia (doc. núm. 9394).

— De D.^a Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a descontaminación dos solos do polígono de Tomeiros contaminados por lindano (doc. núm. 9395).

— De D. Emilio López Pérez e D. Xosé Díaz Díaz, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a promesa da creación dun polígono industrial no Corgo (doc. núm. 9412).

— De D.^a Carmen Gallego Calvar e D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a información do Goberno galego respecto da situación dun vertedoiro de lixo no concello de Soutomaior e as actuacións levadas a cabo para o seu selado definitivo (doc. núm. 9457).

— De D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os puntos negros nas estradas da provincia de Lugo (doc. núm. 9459).

— De D.^a Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas e os prazos previstos no Plan do Goberno galego para a recollida e tratamento das pilas, baterías e luces químicas usadas pola flota pesqueira galega (doc. núm. 9490).

— De D.^a Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a solución prevista respecto do pecio afundido e do fuel que se atopa dentro do *Prestige* e o criterio do Goberno galego ó respecto (doc. núm. 9492).

— De D. Domingos Merino Mejuto, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación dos servicios de saneamento e depuración das augas no concello de Sada (doc. núm. 9497).

Comisión 4.^a, Educación e Cultura:

— De D.^a María Tereixa Novo Arrojo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas para evitar a demora do comezo do curso para os nenos e as nenas con algún tipo de anomalías que precisan dun coidador ou dunha coidadora, os datos e os criterios seguidos para a súa adxudicación ós centros (doc. núm. 9425).

— De D. Eduardo Gutiérrez Fernández, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a colaboración da Xunta de Galicia coas bandas de música populares de Galicia (doc. núm. 9426).

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego:

— De D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a falta de neurólogos na provincia de Lugo (doc. núm. 9433).

— De D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a lista de espera para a realización de electromiografías no Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo (doc. núm. 9485).

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes:

— De D. Emilio López Pérez e D. Bautista Álvarez Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a falta de participación da Xunta de Galicia na elaboración polo Estado dun proxecto de lei de montes (doc. núm. 9415).

Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo:

— De D. Bieito Lobeira Domínguez e D. Xosé Díaz Díaz, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de creación do Centro Nacional de Innovación e Desenvolvemento de Tecnoloxías Marítimas, ó amparo do Plan Galicia, co financiamento da Xunta de Galicia (doc. núm. 9397).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2003


Inmaculada Rodríguez Cuervo

Vicepresidenta 1.^a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Salomé Alvarez Blanco, ao abeiro do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno sobre as labours de limpeza do fuel do Prestige.

As labours de limpeza das zonas afectadas polas zonas afectadas polas mareas negras derivadas do afundimento do Prestige foron realizadas, en moitos casos, coa desorganización, desinformación e falta de medios que marcan toda a xestión da catástrofe por parte da administración do Estado e a Administración Galega.

A inexistencia de protocolos de limpeza, a falta de técnicos cualificados que supervisaran as tarefas de limpeza, a non acotación de zonas de acceso e de limpeza do material, a falta de protección de determinadas zonas, ou a retirada dos residuos con actuacións lesivas para o medio ambiente e o medio natural causaron efectos negativos sobre os ecosistemas que van ser difíciles de recuperar.

Poderíamos entender, sendo magnánimos, que as presas nuns primeiros días levaran a algunha actuación non moi correcta, pero non comprendemos como esta situación anteriormente descrita mantívose no tempo, e foron os esforzos das asociacións ecoloxistas e do persoal científico os que tiveron e teñen que seguir velando pola correcta limpeza do noso litoral, dando pautas de actuación e facendo un seguimento pormenorizado da situación actual.



Por todo isto apresentamos a seguinte Proposición non de Lei:

1ª) Elaboración dun Plan de conservación, recuperación e restauración de zonas afectadas pola marea negra do Prestige coa reparación dos danos causados nas tarefas de limpeza

2ª) Elaboración dun Plan de protección, conservación e rastauración de dunas.

Santiago de Compostela, 26 de Marzo de 2003


Asdo.: Salomé Álvarez Blanco

Deputada do G.P. do BNG

X. Manuel Beiras Torrado

Portavoz do G.P. do BNG

■ Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa da deputada **Laura Seara Sobrado**, a través do seu portavoz e ó abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante es Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Exposición de motivos

Nos derradeiros anos asistimos, en todo o conxunto do Estado, a un notable incremento de alumnos e alumnas inmigrantes nas escolas. Este alumnado case sempre require dunha atención por parte do profesorado e de persoal especializado dos centros públicos e concertados.

En España, en 1992 os estudantes que chegaban doutros países representaban o 0,5% do total dos alumnos matriculados nas escolas do Estado. Hoxe, esa cifra elevouse ata o 2,2% do estudiantado.

En Galicia, aínda que a cifra é inferior á da media estatal, representa o 1% do total, calcúlase que 3.600 alumnos inmigrantes, o que representa que 1 de cada 100 escolarizados é inmigrante ou fillo de inmigrantes.

Débese ter en conta que son moitos os centros de ensino galegos que, tendo nas súas aulas numerosos alumnos e alumnas inmigrantes, non contan con plans específicos de apoio a este colectivo.


A principios deste ano o “Defensor del Pueblo” fixo públicas as conclusións, sobre un informe no que se alerta da insuficiencia dos programas destinados a favorecer unha adecuada integración de alumnos e alumnas procedentes doutros países nos colexios e institutos públicos.

Neste informe se alertaba ademais que o 36,5% do alumnado entre 10 e 16 anos do Estado español maniféstase contrario ó fenómeno da inmigración e o 9% completamente contrario.

Outro aspecto que se debe analizar é o da baixa participación de pais e nais de alumnos inmigrantes nos centros de ensino. Polo tanto,



Grupo Parlamentario



consideramos urxente tomar medidas tendentes a favorecer a participación dos mesmos.


As medidas que conteñen tanto o Plan de Acción Xove da Xunta de Galicia como as contidas no Plan de Acción Global en materia de xuventude, tendentes a favorecer a interculturalidade nas aulas e a evitar actitudes xenófobas, racistas e discriminatorias dentro da comunidade escolar parece que foron e son un fracaso se nos remitimos ós datos e ós informes.

O Pleno do Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade na sesión do día 22 de outubro do 2002, unha Proposición non de lei do Grupo Socialista na que se instaba á Xunta de Galicia a, poñer en marcha o Observatorio Galego do Racismo e a Xenofobia para avanzar no coñecemento do impacto da inmigración para evitar prácticas xenófobas e racistas en tódolos eidos. Se entende que o ámbito da educación é un dos cementos básicos para fomentar a integración dos inmigrantes e evitar conductas xenófobas e racistas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:


1. Promove-las accións pertinentes para dotar ós centros de ensino públicos e concertados de Galicia de medios persoais, técnicos e de infraestruturas, para facer posible a integración escolar dos alumnos e alumnas inmigrantes e a súa plena progresión académica.
2. Garanti-lo número de prazas dabondo na escola pública e na concertada galega co fin de satisfacer a demanda de escolarización de nenos, nenas e adolescentes procedentes doutros países, independentemente do estado de regularización no que se atopan as súas familias.
3. Promover plans de actuación en tódolos centros da rede pública educativa de Galicia co fin de minimizar as dificultades de



integración e escolarización deste colectivo, atendendo ás circunstancias persoais e familiares dos inmigrantes, os seus niveis de renda, actitudes de rexeitamento no seu propio centro e de máis circunstancias que poidan incidir negativamente no éxito escolar dos alumnos inmigrantes.


4. Avaliar anualmente, conxuntamente co Observatorio Galego do Racismo e da Xenofobia, as condicións nas que os estudantes inmigrantes reciben a súa formación.
5. Favorecer, por medio de accións concretas, a participación de nais e pais de alumnos inmigrantes nos centros educativos.
6. Inspeccionar e elaborar un informe coas causas polas que os colexios concertados non teñen, entre o seu alumnado, a mesma porcentaxe de inmigrantes que os colexios públicos.

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2003


Asdo.: Laura Seara Sobrado
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asdo.: Emilio Pérez Touriño
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





A Mesa do Parlamento

Manuel Luis Rodríguez González, deputado pertencente ó **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ó abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Exposición de motivos

O transporte escolar constitúe un servizo básico e fundamental dentro do sistema educativo do noso país, sendo un sector clave debido, sobre todo, á dispersidade poboacional.

A evolución técnica, en todos aqueles aspectos que atinxen á seguridade e a normativa sobre vehículos de transporte público, así como á crecente demanda dos usuarios en todo aquilo que esixa unha mellora na calidade e seguridade no servizo, fai que as adaptacións dos medios usados vaia sendo esixida progresivamente, sobre todo nun sector como o transporte escolar, xa que os transportados abranguen idades de entre os tres e os dezaioito anos.

O Real Decreto 443/2001, establece as bases para que as comunidades autónomas desenvolvan a súa propia normativa sobre a materia, establecendo o curso escolar 2007-2008 como data tope para o ordenamento definitivo.

En dito Real Decreto, establécese entre outras medidas, a necesidade e obrigatoriedade de que aqueles autobuses que transporten alumnado menor de 12 anos, deberán contar coa figura dun acompañante, encargado da custodia e seguridade dos transportados.

En todo caso, ós/ás nenos e nenas de tres anos ségueselles a aplica-lo disposto na anterior normativa, agás nos que as asociacións de pais, ou os concellos que contén con este servizo se fagan cargo do persoal acompañante, non permitindo taxativamente que o alumnado deste tramo de idade utilice o transporte de non ser nesas condicións.



Grupo Parlamentario	PARLAMENTO DE GALICIA REGISTRO XERAL ENTRADA	PSG PSOE
	- 1 ADO. 2003 Núm.: 9.476	

Esta norma non permite, polo tanto, o acceso en igualdade de oportunidades dos/as nenos/as do noso país ó sistema público de ensino. Cando máis esta situación é claramente discriminatoria nos núcleos rurais, onde as distancias ós centros impiden que se poida acceder camiñando ós mesmos, tendo evidentemente menor incidencia nos núcleos urbanos.

Esta situación viña sendo paliada en parte, polo mantemento dalgunhas escolas, antigas unitarias, nalgúns pobos, que cando menos permitían que parte deste grupo de alumnado puidera acceder á escolarización dende os tres anos.

Ó longo deste ano, a Consellería de Educación ven de anuncia-la supresión paulatina das escolas unitarias, sen ofertar solución ó transporte do alumnado no referido tramo de idade.

Por outra banda, e sobre todo nos CPI, escolarízase alumnado comprendido entre o primeiro curso da segunda etapa de E.I. (3 anos) ata cuarto da ESO (16-18 anos), co cal nun mesmo autobús están a viaxar alumnos/as con ata 14-15 anos de diferenza de idade, polo que houbo unha modificación importante sobre o modelo anterior da EXB. É razoable supoñer, tal como nos amosa a realidade cotiá, que se incrementou a probabilidade de conflictividade dentro do vehículo, co risco que iso supón para a seguridade dos usuarios.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Socialista, presenta a seguinte proposición non de lei.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que:

- 1- Se proceda coa maior brevidade ó desenvolvemento do Real Decreto 443/2001, adaptando o mesmo á realidade e necesidades do sistema educativo de Galicia, alomenos no que atinxe á figura do acompañante.
- 2- Que en todo caso ditas medidas estean operativas para o vindeiro curso escolar 2003-2004.

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2003

Asdo.: Manuel Luis Rodríguez González

Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asdo.: Emilio Pérez Touriño

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Bieito Lobeira Domínguez, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión, sobre á adopción de medidas de mellora e modernización dos helicópteros “Pesca I” e “Pesca II”.

Os helicópteros “Pesca I” e “Pesca II”, adscritos ao Servizo de Busca, Salvamento e Loita contra a Contaminación Mariña, pertencente á Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos, levan anos desenvolvendo unha inestimábel labor humanitaria no mar, salvando vidas humanas e actuando en numerosos casos de emerxencia no mar.

Precisamente por esta razón cumpre dotar a estas dúas aeronaves dos medios máis acaídos que permitan a realización das súas misións nas mellores condicións posibles de operatividade, e mesmo de seguranza para as súas tripulacións.

Non é comprensíbel, ao amparo deste razoamento, o motivo que leva a que estes dous helicópteros non contén, por exemplo, co sistema de estacionamento automático (máis coñecido como “cuarto eixo”), que permite a realización de operacións nocturnas, ou en condicións visuais difíceis, sen referencia visual e con maior seguranza.



Curiosamente, o outro helicóptero de salvamento que opera desde o noso país ("Helimer Galicia"), neste caso dependente do Ministerio de Fomento, si conta co cuarto eixo, o que lle permite mellorar notabelmente a súa operatividade. No mesmo sentido, aeronaves de salvamento do Reino Unido, Irlanda, etc., contan igualmente con este sistema.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a realizar un programa de mellora e modernización dos helicópteros "Pesca I" e "Pesca II" que inclua a incorporación de sistemas de estacionamento automático, radioaltímetro acústico, etc.

Santiago de Compostela, 26 de Marzo de 2003

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. do BNG


Grupo Parlamentario	PARLAMENTO DE GALICIA REGISTRO XERAL ENTRADA	PSG PSOE
	31 / 03 / 2003 Núm.: 9.451	


Á Mesa do Parlamento

- A deputada e os deputados abaixo asinantes, pertencentes ó **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e membros da Comisión 3.^a, ó abeiro do disposto no artigo 144 e 98 do Regulamento da Cámara, solicitan a esa Mesa se proceda á **comparecencia urxente en Comisión**, do Excmo. Sr. conselleiro de Economía e Facenda, para dar conta das xestións do Goberno galego para obter fondos comunitarios destinados a repara-los danos causados pola catástrofe do Presige.

Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2003


Asdo.: Dolores Villarino Santiago
Francisco Sineiro García
Ricardo Varela Sánchez

Deputado e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia







OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 531 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




Á Mesa do Parlamento

Xesús Veiga Buxán, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación** para o seu debate no Pleno.

A guerra contra Irak promovida polas Administracións nordeamericana e británica e polo goberno español está fora da legalidade internacional e ten sido calificada –por moitos analistas e con razóns solventes– como unha iniciativa bélica inxusta e inmoral.

As análises sobre os efectos desta guerra na dinámica económica internacional deberían partir dunha premisa básica: calquera eventual millora nos índices macroeconómicos convencionais nunca pode xustificar as traxedias dunha intervención armada e moito menos pode lexitimar a posteriori unha iniciativa bélica ilegal.

A participación do goberno español na guerra contra Irak vai orixinar un incremento dos gastos militares para o presente exercicio orzamentario e vai provocar un previsíbel compromiso de maiores gastos públicos para compartir a reconstrución das infraestruturas, equipamentos e dotacións que están sendo destruídas polos Exércitos dos mesmos Estados que posteriormente reclamarán o uso de recursos procedentes da Facenda española.




Obviamente, a economía galega pode resultar afectada por estas e outras incidencias provocadas pola guerra sobre os cadros macroeconómicos e as asignacións orzamentarias. Conven ter presente que o tecido económico do noso País está padecendo un diferencial negativo derivado da catástrofe do Prestige, ademais da coñecida diverxencia persistente nos niveis de riqueza e benestar a respecto da meia estatal e europea.

E por iso que apresentamos a seguinte Interpelación:

¿Que previsións ten o goberno galego a respecto do impacto da guerra contra Irak na economía galega?


¿Que avaliación fai o goberno galego sobre os compromisos adicionais de gasto público que deberá asumir o Estado español por mor da participación do goberno central no ataque bélico contra Irak?

¿Vai cambiar o goberno da Xunta as previsións sobre a evolución da economía galega realizadas na documentación asociada aos orzamentais xerais para o 2003?



¿Vai adoptar algunha modificación específica nas asignacións orzamentarias como consecuencia da guerra contra Irak?

Santiago de Compostela, 28 de Marzo de 2003




Asdo.: Xesús Veiga Buxán
Deputado de G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

Salomé Álvarez Blanco, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación** sobre a loita contra os incendios forestais.


Co inicio da presente primaveira disfrutamos en Galiza duns poucos días de bon tempo nos que, aínda que as temperaturas non foron demasiado altas según corresponde a esta época do ano, brilou o sol.

Nestas condicións meteorolóxicas e aínda que non estamos en época “oficialmente de risco” apareceron incendios forestais en diferentes zonas do noso país, como ten ocorrido en anos anteriores.

Os incendios forestais son unha praga recorrente que ano tras ano asola os nosos montes, degrada os nosos chans e o noso medioambiente e ten graves consecuencias económicas, ambientais e sociais.

Ante esta situación a Xunta segue empeñada en non variar ou corrixir a súa política de loita contra o lume sen ter en conta as diferentes voces que desde os diferentes colectivos máis directamente afectados demandan consenso e medidas preventivas eficaces para acabar con este gravísimo problema que levamos padecendo ano tras ano.

Por todo o exposto, presentase a seguinte **INTERPELACIÓN**:



Cal é o orzamento para o ano 2003 previsto para o Plan Infoga?

Canto é o orzamento adicado á extinción e canto á prevención?

Qué novas actuacións e medidas, con respecto ás de anos anteriores, ten previstas a Xunta de Galiza para a loita contra o lume nos nosos montes?

Qué medidas preventivas ten previsto para evitar as causas que provocan os incendios forestais?

Cales son os resultados dos estudos anunciados o ano pasado polo anterior Conselleiro de Medio Ambiente?

Ten previsto algunha medida para a participación das Comunidades de Montes e outros sectores máis directamente afectados no deseño dos plans e das medidas de loita contra o lume?

Ten previsto algunha medida de carácter lexislativo, relacionado co monte ou a política forestal?

Santiago de Compostela, 28 de Marzo de 2003

Asdo.: Salomé Alvarez Blanco


Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax: 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

Salomé Alvarez Blanco, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación** sobre o Cumprimento e desenvolvemento do Plano de Adecuación, Selado e Clausura de Vertedoiros de Galiza.


Na Estratexia Galega de Xestión de Resíduos, recollese que “é necesario afondar na resolución de Xestión de residuos industriais non catalogados como perigosos, incluídos os inertes, a cal foi regulada pola Lei 10/98, básica de residuos”.

Recoñece tamén que a maior parte acaban sendo depositados nos mesmos vertedoiros que os R.S.U., ou en puntos de vertido dispersos polo territorio.

Para acabar con esta situación púxose en marcha o Plano de Adecuación, Selado e Clausura de Vertedoiros de Galiza 1999-2005 e o Plano Operativo de Solos Contaminados.

O Programa Xeral de Adecuación, Selado e Clausura de Vertedoiros divídese en varios subprogramas:

- de selado de vertedoiros de residuos sólidos urbáns
- de clausura de puntos de vertido
- de xestión de residuos de construcións e demolicións
- de creación de puntos limpos



Pasado xa máis da metade do tempo para o desenvolvemento deste Plano, e coa intención de coñecer a situación actual e os plans para o que resta até o ano 2005, é polo que formulamos a seguinte INTERPELACIÓN:

1. Ten a Consellería un inventario actualizado dos vertedoiros e puntos de vertido que hai na nosa Comunidade?
2. Cantos vertedoiros e puntos de vertido estaba previsto clausurar no Plano?
3. Cantos vertedoiros e puntos de vertido están xa clausurados?
4. Qué previsións hai para os anos 2003, 2004 e 2005?
5. Qué vertedoiros e puntos de vertido está previsto clausurar no 2003, 2004 e 2005?
6. Cantos puntos limpos foron creados ata a actualidade?
7. Cantos puntos limpos van ser creados nos anos 2003, 2004 e 2005? Onde?
8. Cantas instalacións foron feitas para a xestión e almacenamento de residuos de construción e demolición? Cantas están previstas no 2003, 2004 e 2005? Onde?
9. Qué iniciativas foron tomadas pola Xunta de Galiza para promover a redución, reutilización e reciclaxe de residuos?

Santiago de Compostela, 28 de Marzo de 2003

Asdo.: Salomé Álvarez Blanco

Deputada do G.P. do BNG




BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



À Mesa do Parlamento


Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Interpelación sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galiza para evitar no futuro actuacións irregulares do dispositivo de salvamento marítimo operante desde Galiza.

A catástrofe do “Prestige” puxo de manifesto a existencia de graves irregularidades na Sociedade Estatal de Salvamento Marítimo (SASEMAR), ademais de evidenciar a situación de desamparo que padece Galiza en materia de salvamento e loita contra a contaminación mariña.

De nada serve pór en marcha unha consistente operación meiática, ao servizo do poder político, para achacar en exclusiva a responsabilidade do acontecido ao capitán do buque, e curiosamente, ao Peñón de Xibraltar, exonerando á Xunta de Galiza e ao Goberno español da responsabilidade política directa neste sinistro de proporcións aínda, a día de hoxe, incalculábeis.

O Goberno español e a Xunta de Galiza, de xeito consciente e deliberado, censuraron e ocultaron información clave xa desde o propio día 13 de Novembro de 2002, data do inicio do dramático periplo do buque “Prestige” fronte ás costas do noso país.

Especialmente grave foi a actuación do remolcador “Ria de Vigo”, adscrito á Sociedade Estatal de Salvamento marítimo (SASEMAR) e pertencente,




portanto, ao Ministerio de Fomento do Goberno español, se ben baixo titularidade da empresa privada REMOLCANOSA.

Este buque, primeiro en chegar ás inmediacións do “Prestige” durante as primeiras horas do sinistro, non interviu: situou-se en posición de espera. O motivo, manter unha negociación coa empresa “Smit Salvage” e coa “Universe Maritime Ltd.” para determinar o custo económico da operación de salvamento. Efectivamente o “Ria de Vigo” non chegou a actuar até horas despois, unha vez estivo asinado o correspondente contrato.

Non foi esta a primeira vez que se dou no noso país unha actuación desta natureza, aínda que noutras ocasións non rematasen en catástrofe ecolóxica. Lembremos o “Ramdane Adane”, en Xaneiro do ano 2001, que tamén estivo a pieques de provocar un sinistro de colosais proporcións. En definitiva, na Galiza existe un servizo de salvamento que segue a lóxica empresarial privada, quer dicir, acadar o máximo lucro co mínimo esforzo, deixando a finalidade social nun lugar residual.

Estas son as razóns que levan ao Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Interpelación:

1ª) Que consideración lle merece á Xunta de Galiza a actuación de SASEMAR e do remolcador “Ria de Vigo” en casos como o “Prestige” ou o “Ramdane Adane”?



2ª) Cre a Xunta de Galiza necesario modificar a actual estrutura do dispositivo de salvamento para facé-lo público e baixo dirección galega?

3ª) Ten previsto o Goberno galego adoptar medidas, perante o Goberno español, tendentes a mellorar o dispositivo de salvamento marítimo que opera desde Galiza?

Santiago de Compostela, 26 de Marzo de 2003

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG




BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




Á Mesa do Parlamento

Salomé Alvarez Blanco, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Interpelación sobre as labours de limpeza do fuel do Prestige.

As labours de limpeza das zonas afectadas polas mareas negras derivadas do afundimento do Prestige foron realizadas, en moitos casos, coa desorganización, desinformación e falta de medios que marcan toda a xestión da catástrofe por parte da administración do Estado e a Administración Galega.

A inexistencia de protocolos de limpeza, a falta de técnicos cualificados que supervisaran as tarefas de limpeza, a non acotación de zonas de acceso e de limpeza do material, a falta de protección de determinadas zonas, ou a retirada dos residuos con actuacións lesivas para o medio ambiente e o medio natural causaron efectos negativos sobre os ecosistemas que van ser difíciles de recuperar.

Poderíamos entender, sendo magnánimos, que as presas nuns primeiros días levaran a algunha actuación non moi correcta, pero non comprendemos como esta situación anteriormente descrita mantívose no tempo, e foron os esforzos das asociacións ecoloxistas e do persoal científico os que tiveron e teñen que seguir velando pola correcta limpeza do noso litoral, dando pautas de actuación e facendo un seguimento pormenorizado da situación actual.



Por todo o exposto, apresentamos a seguinte Interpelación:

1ª) Ten feita a Conselleria de Medio Ambiente unha avaliación e valoración da situación medio ambiental do litoral galego despois das consecutivas mareas negras do Prestige?


2ª) Ten feita a Conselleria de Medio Ambiente unha valoración e avaliación dos danos producidos no ecosistema, na paisaxe e na flora e fauna a consecuencia das labores de limpeza?

3ª) Quen se encargou e se encarga das tarefas de limpeza nas diferentes zonas?

4ª) Ten contabilizadas a Conselleria de Medio Ambiente os danos producidos nas zonas propostas para a Rede Natura 2000 e noutras áreas declaradas de interés?

5ª) Qué medidas protectoras e correctoras se tomaron para restaurar as zonas danadas e minimizar o impacto ambiental producido?

6ª) Hai algun convenio asinado con empresas constructoras para que se ocupen das tarefas de limpeza?



7ª) De ser así que empresas van facelo?


Santiago de Compostela, 26 de Marzo de 2003

Asdo.: Salomé Álvarez Blanco

Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa. 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




Á Mesa do Parlamento

Xosé Henrique Rodríguez Peña, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Interpelación sobre as previsións da Xunta de Galiza, respecto das “cidades do transporte” ou centros coordinadores do tráfico de mercadorías.

A recente comparecencia do novo responsabel da CPTOPV ante o Pleno do Parlamento de Galiza, non permitiu, coñecer de forma definitiva e decidida os compromisos establecidos na súa intervención a planificación integrada para o conxunto do territorio en política en materia de transporte.

A condición periférica da nosa comunidade no conxunto do Estado e mesmo do ámbito europeo, demanda de forma urxente, as infraestruturas portuarias, por ferrocarril, estrada e aéreas, coa necesaria inerconexión que permitan a intermodalidade do transporte no conxunto do País e a moderna conexión co exterior.

Xa que logo a necesidade de relación Galiza-Norte de Portugal que permita consolidar a eurorrexión do Sur Atlántico europeo, a conexión transcantábrica, e a interrelación das cidades galegas do interior de Galiza coa capitalidade, son pois o marco de referencia para definir as liñas do transporte para os tráfico de mercadorías. A concreción e cumprimento de obxetivos do conxunto das infraestruturas de forma urxente son pois condicións básicas para regulación dos fluxos e intensidades do tráfico de mercadorías.




O Grupo Parlamentar do BNG, en distintas lexislaturas presentou en política de transportes, numerosas iniciativas tendentes a coñece-lo proxecto do Goberno en dita materia.

Levan transcurridos mais de oito anos, en que o responsabel de CPTOPV, prantexaba o decidido compromiso, en resposta ao Grupo Parlamentario do BNG, de ordenar o tráfico de mercadorías, tendo de conta unha Galiza, orixe e fin do itinerario pola que circulan. O proxecto fixaría, ditos centros de distribución en “cidades do transporte” na periferia urbana, circunvalando as cidades ou vilas.

Para o Grupo parlamentar do BNG, o interese, o constituiría no incremento da seguridade do tráfico, evitando o risco de circulación de mercadorías perigosas, polos ambitos urbanos, e a correcta distribución das mercadorías en xeral, a vez que redefinía o modelo das chamadas cidades do transporte a a súa ubicación no territorio.

Xa que logo, o Parlamento de Galiza coñecía do compromiso do Goberno de contruir diversas cidades ou centros de transporte no contorno de diversas cidades galegas, comprometendo a urxente construción dos correspondentes a Ourense, Pontevedra, A Coruña etc.... Van oito anos xá desde entón, e non hai ningunha construída. Non hai correspondencia cun exercicio responsabel do Goberno.

E pois, que o tempo transcurrido, presenta de novo a necesidade de esixir aproveitando a chegada a Consellería competente en materia de transporte dun



novo responsable, un compromiso global, con obxetivos definidos, soporte financeiro para acadalos mesmos e prazo de execución para os devanditos centros de distribución en “ciudades de transporte” de mercadorías.

Son xá trece anos do Goberno do Sr. Fraga ao fronte da Xunta de Galiza, e non soio non hai cumprida unha axenda lexislativa como xustificación da acción comprometida do goberno en materia do transporte de mercadorías.


As actuais infraestruturas terrestres por ferrocarril e por estrada deben ser o soporte viario que permita definir a ubicación territorial destes centros de distribución, encomendando a complementariedade dos incrementos dos fluxos dos traficos as que poidan aportar as novas infraestruturas, que non son mais cunha realidade virtual.

En base a tódolo anterior se presenta a seguinte Interpelación:

1ª) ¿En que prazos considera o Sr. Conselleiro que poidan estar executadas as obras correspondentes os centros de distribución de mercadorías ou “ciudades do transporte”?

2ª) ¿Que número de cidades do transporte considera a Xunta de Galiza necesarias e urxentes construír no territorio de Galiza?

3ª) ¿Cales son as consideradas prioritarias na súa construción?



O Libro Branco do Transporte no marco da U.E. fixa criterios para establecer os centros ou plataformas (nós) e a súa necesaria interconexión primando a intermodalidade do transporte, polo que preguntamos:

1ª) ¿De que forma influen ditas consideracións no conxunto do Goberno e dicir nas distintas políticas sectoriais?

2ª) ¿É consultada a CPTOPV no proceso de instalación de empresas nos distintos polígonos ou parques empresariais en canto as previsións de infraestruturas existente ou en proxecto?

3ª) ¿Cal foi o rol da Consellería competente en materia de transportes nas pensións do PLAN GALIZA presentado polo Presidente do Goberno Español con motivo do desastre do PRESTIGE, respecto das infraestruturas por estrada e ferrocarril respecto da ubicación dos centros de distribución ou cidades de transporte?.


Santiago de Compostela, 27 de Marzo de 2003

Asdo.: Xosé H. Rodríguez Peña

Deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



À Mesa do Parlamento


Os deputados Emilio López Pérez e Bautista Alvarez Dominguez, do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Interpelación, relativa á participación da Xunta nun anteproxecto de lei de montes que debatirán as Cortes do Estado.

Representantes da Xunta de Galiza, e concretamente da Conselleria de Medio Ambiente foron consultados para a elaboración dun anteproxecto de lei de montes que proximamente según anunciou o Goberno do Estado entrará nas Cortes.

Según informacións que lle chegaron ao BNG, a Xunta de Galiza non dixo absolutamente nada, nen fixo constar as novas especificidades niste proxecto de lei, que no seu momento nos vai afectar.

O recoñecemento da singularidade que os montes veciñais en man común representa en Galiza debería ser tida moi en conta nesta lei para evitar conflitos de utilidade, xestión, competencias ou tratamento da fiscalidade.

En Galiza existen uns 670.000 Hectáreas de monte veciñal en man común cunha ancestral forma de propiedade comunal e dereito xermánico, que nada ten que ver coas formas de propiedade privada ou pública que define a lei:



A configuración do noso poboamento no medio rural ou os nosos usos agrícolas, gandeiros ou forestais deberían ser recoñecidos.


A pesares de que o Estatuto de Autonomía, especialmente no seu artigo 27, nos concede amplias competencias en materia de montes, a hora da verdade estamos a cotío a sufrir por mor das competencias básicas que o Estado se preserva no artigo 149.1, 23º da Constitución e na que entra de cheo o dito proxecto de lei:

A actitude de deslexitimación e deslegalización das competencias de Galiza en calqueira materia, queda moi patente neste silencio e complicidade do Goberno galego diante dun proxecto de tanta transcendencia para os intereses de Galiza.

De aprobarse iste proxecto tal e como está concebido suplantárianse formas de propiedade, uso e dereitos sobor dos montes galegos e entrárase en clara confrontación coa actual lexislación vixente en materia de montes e que elaborou e aprobou o Parlamento galego.

Por todo o dito formulamos a seguinte Interpelación:

1ª) ¿Tivo algunha participación a Xunta na elaboración do “ANTEPROYECTO DE LEY DE MONTES” que o goberno do Estado vai presentar no Parlamento correspondente?.



2ª) Por que non formulou a Xunta de Galiza propostas e alegacións que tiveron en conta a realidade singular dos montes en Galiza?

3ª) ¿En que aspectos básicos afectará a Galiza e a toda a actividade e bens que xeneran os montes esta lei aquí na nosa Comunidade Autónoma?

3ª) Non entra en contradición iste proxecto coa actual lexislación de montes creada polas institucións da nosa Comunidade Autónoma?


4ª) Van a seguir mantendo a mesma actitude ao longo do debate desta lei?

Santiago de Compostela, 26 de Marzo de 2003

Asdo.: Emilio López Pérez

Bautista Alvarez Domínguez

Deputados do G.P. do BNG



Á Mesa do Parlamento

Margarita Pérez Herraiz, Modesto Pose Mesura e Francisco Cerviño González, deputada e deputados pertencentes ó **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ó abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

No mes de decembro de 2002 presentouse a avaliación do III Plan de igualdade de oportunidades das mulleres galegas. 1998-2001.

Este III Plan se desglosaba en obxectivos e actividades, pero moitas actividades son da mesma índole (responden á mesma categoría) que o obxectivo, por exemplo o obxectivo fomenta-la cooperación e coordinación entre diversas institucións ten as actividades: estimular, fomentar e coordina-la aplicación de accións e medidas. Non hai diferenza de plantexamento entre o obxectivo e as actividades.


Os responsables do plan aparecían por áreas e eran moitos e é moi difícil avaliar actuacións como, estimular, fomentar, coordinar, etc.

Na avaliación do III Plan, dentro de cada área, sinala a porcentaxe de actividades de cada grupo, por exemplo na primeira, cooperación institucional, 28,3%; participación social, 83,9; e toma de decisións, 9,5. O ano de realización e a valoración da actividade por persoas, axentes e organismos implicados, incluíndo comentarios literais.

As actividades teríanse que facer para conseguir uns obxectivos, a información da que carece a avaliación é a repercusión que esas actividades teñen nos obxectivos que se buscaban.

Parece que a citada avaliación, confunde datos estatísticos, con indicadores, alomenos ó falar dun teórico Plan de actuación, cuns obxectivos e actuacións previstas, os indicadores terían que reflexa-la repercusión da actividade na consecución do obxectivo.





No IV Plan de igualdade de oportunidades das mulleres galegas, aínda que ten algunhas diferencias respecto do III Plan, son fundamentalmente de encadre dalgúns obxectivos, pero repite déficits importantes que tiña o anterior, como non diferenciar en moitos casos as actuacións dos obxectivos, ter definidos responsables soamente por área, non poñer obxectivos, quedando polo tanto diluída a responsabilidade, e non figurar orzamento para as medidas concretas que o precisan.

O método de avaliación previsto no IV é moi similar ó anterior, cuantitativamente, actividades desenvolvidas, e cualitativamente satisfacción das destinatarias e organismos implicados. Non hai avaliación da repercusión da actividade no obxectivo.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes presentan a seguinte interpelación:

¿Que evolución tiveron os 12 obxectivos plantexados no III Plan?

¿Que repercusión tiveron nos obxectivos as 107 actuacións previstas?


¿Que se fixo para potencia-la incorporación de mulleres ós órganos de toma de decisións, en tódolos ámbitos (1.2.8) e con que resultados?

¿Cómo se impulsou a presenza de mulleres nos órganos de decisións e postos de responsabilidade nas administracións públicas (1.3.1)?

¿Cómo se apoiou a promoción das mulleres na administración (1.3.2)?

¿Cómo se garantiu a non discriminación por razón de sexo no acceso a postos de responsabilidade na Administración e nas empresas (1.3.5)?

¿Que orzamento dedicou o Servizo Galego de Igualdade, por unha banda, e por outra o Goberno á formación para o emprego de mulleres?



¿Canto a promoción do emprego?

¿Cal foi a repercusión dese investimento no emprego de mulleres?

O obxectivo 4.2.7. era: realizar actuacións e campañas destinadas a previr embarazos non desexados ¿que actuacións se fixeron?

¿Hai en funcionamento un plan para a prevención de cancro xinecolóxico (4.2.4)?

E sobre o IV Plan de Igualdade de oportunidades das mulleres galegas: ¿de que indicadores dispón este IV Plan?

¿Cómo se van concreta-los puntos 1.4.1, e 1.4.2 incentiva-la realización de programas de formación e de sensibilización.... e apoiar e incentivar proxectos de cooperación internacional?

¿Van facer unha convocatoria pública para financiar proxectos?


¿Que medidas de acción positiva se van impulsar para favorece-la participación sociopolítica das mulleres galegas (1.6.1)?


¿Que van facer para conseguir unha maior participación das mulleres nos altos cargos da Administración (1.7.6)?

¿Que van facer para estimular que os permisos, licencias e excedencias que se contemplan na Lei 39/1999, sexan gozados tanto por mulleres coma por homes (4.5.4)?

¿Con que medidas concretas pensase potencia-la Comisión de Publicidade (3.3.2)?


¿Que se vai facer para fomenta-la presenza de mulleres en programas de debate e en niveis de responsabilidade dos medios de comunicación (3.3.6, 3.3.7 e 3.3.8)?






¿Require o noso sistema sanitario que no Plan de Igualdade figure como unha das súas actividades "5.2.4. Potenciar que as actividades de detección precoz de cancro se desenvolvan dentro de programas poboacionais con sistemas de garantía de calidade axeitados?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2003



Asdo.: Margarita Pérez Herraiz
Modesto Pose Mesura
Francisco Cerviño González
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia







OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

Salomé Alvarez Blanco, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación** sobre o informe de fiscalización do Consello de Contas sobre SOGAMA correspondente ao exercicio de 1999.


No informe de fiscalización do Consello de Contas sobre SOGAMA correspondente ao exercicio de 1999 aparecen recollidos unha serie de defectos de funcionamento na Xestión que esta empresa está facendo dos R.S.U., que concordan con denuncias que, tanto o BNG como outros moitos colectivos sociais e ecoloxistas, teñen feito en moitas ocasións.

As conclusións do informe son demoledoras pois en resumo dise que o modelo que defende a Xunta de Galiza e que está aplicando SOGAMA non se axusta á lei e incumpre a normativa autonómica, estatal e europea; é un modelo insolidario, ineficiente e caro economicamente; non é ecolóxico e a súa xestión está falta de transparencia.

Por todo o exposto preséntase a seguinte INTERPELACIÓN:

Qué valoración fai a Consellería de Medio Ambiente do informe de fiscalización do Consello de Contas sobre SOGAMA?

Qué medidas ten previsto introducir a Xunta de Galiza no seu modelo de xestión de R.S.U. que está desenvolvendo SOGAMA?



Ten intención a Xunta de Galiza de incluír a “compostaxe” no tratamento e xestión dos R.S.U.?

Ten intención a Xunta de Galiza de incluír medidas correctoras na Xestión dos R.S.U. para cumprir co obxectivo de Xestión integral?

Qué medidas ten previsto incluír a Xunta no tratamento dos R.S.U. para dar cumprimento á normativa estatal, autonómica e ás directivas europeas sobre a xerarquización dos tipos de tratamento?

Considera a Xunta de Galiza que a incineración dos R.S.U. é unha boa solución?

Despois do informe ¿considera a Xunta que SOGAMA é unha empresa viable economicamente?

Defende a Xunta de Galiza a política de persoal de empresa?


Santiago de Compostela, 2 de Abril de 2003

Asdo.: Salomé Álvarez Blanco
Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pergunta para a súa contestación oral en Pleno sobre os controis exercidos aos buques que recalán en portos galegos que eventualmente poidan portar “mexillón cebra”.

O Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos, directamente, decidiu opor-se activa e publicamente ao ofrecemento formulado polo Goberno catalán consistente na utilización de tres buques anti-contaminación –“Britannia Uno”, “Montornes” e “Scotian Shore” –para a realización de traballos de limpeza de fuel no litoral galego.

Entendia o Conselleiro de Pesca que estas embarcacións poderían provocar unha “catástrofe ecolóxica” nas rias galegas por portaren adheridos aos cascos dos buques exemplares de “mexillón cebra”.

Deduce-se da belixerancia empregada polo Goberno galego contra este ofrecemento da Generalitat de Catalunya, que a Consellaria de Pesca mantén un exhaustivo control de todos os buques que recalán nos portos galegos para evitar calquer eventual problema de reprodución do “mexillón cebra” no noso privilexiado ecosistema mariño.

Do contrario, estaríamos asistindo a un acto de auténtico sectarismo político, sacrificando a axuda ofrecida por razóns unicamente propagandísticas.



Estas son as razóns que levan ao Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Pergunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos.

- Que tipo de controis se realizan habitualmente aos buques que recalan en portos galegos para evitar unha eventual invasión de “mexillón cebra” no noso litoral?


Santiago de Compostela, 26 de Marzo de 2003

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 420
gp.bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pergunta oral en Pleno, sobre ás razóns que impediron a utilización do buque anti-contaminación “Punta Fisterra”, pertecente á Xunta de Galiza, na loita contra o fuel no mar.

Un dos aspectos máis relevantes que puxo en evidencia a catástrofe do “Prestige” sobre as nosas costas foi a ausencia de buques anticontaminación con porto base na Galiza e con capacidade de actuación inmediata.

Como é coñecido, achegaron-se ao noso país buques de diverso tipo, todos eles procedentes de fóra do Estado español, a fin de realizar as operacións de limpeza de fuel no mar.

Porén, na Galiza si existe un buque anti-contaminación. De prestacións limitadas, pero con capacidade de intervir na entrada das vías, ou no contorno do noso litoral. Trata-se do “Punta Fisterra”, de numeral IP-500, pertecente á Xunta de Galiza, que nunca chegou a actuar.

Non é de recibo que a única embarcación especializada, de titularidade pública, o “Punta Fisterra”, continuase atracada indefinidamente no porto de Vigo, mentres lanchas e balandros de mariñeiros, mariscadores e bateeiros, concentraban o peso no combate contra o chapapote no mar.




Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos.

Por que razón non se utilizou o buque anti-contaminación “Punta Fisterra” durante a catástrofe do “Prestige”?

Santiago de Compostela, 27 de Marzo de 2003

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG



Á Mesa do Parlamento

Margarita Pérez Herraiz, Modesto Pose Mesura e Francisco Cerviño González, deputada e deputados pertencentes ó **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Pleno**.

Dende que a Xunta de Galicia xestiona o sistema sanitario, o orzamento para altos cargos tivo un incremento 4,33 veces superior ó incremento dos gastos de persoal no seu conxunto e 3 veces superior o incremento do gasto total do Sergas.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

¿Cómo xustifica a Xunta de Galicia tan forte desproporción entre gastos en altos cargos e gastos de persoal en total e a súa falla de rendabilidade?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2003


Asdo.: Margarita Pérez Herraiz
Modesto Pose Mesura
Francisco Cerviño González
Deputada e deputados do G.P. dos
Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario	PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA	PSG PSOE
	- 1 / 2003	
Núm.: 9.449		

Á Mesa do Parlamento

Dolores Villarino Santiago, deputada pertencente ó **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Pleno**.

Nunhas xornadas celebradas en Prato (Italia) o secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior, transmitiu ó comisario Europeo de Política Rexional, Sr. Barnier, que a Xunta de Galicia vai a promover un fronte contra o Reino Unido para garanti-la continuidade dos fondos estruturais para Galicia, unha vez que se amplíe a Unión Europea.

Hai máis de un ano que os socialistas plantexamos a necesidade de que a Xunta, impulsase dende Galicia a necesidade de que o Goberno Aznar definise unha posición na U.E. que garantise os intereses de Galicia ante a ampliación ós países do Este europeo. Reclamamos a necesidade de que o Goberno de España traballase nesa dirección, buscando os aliados necesarios para manter como seña de identidade da U.E. a igualdade entre os cidadáns, a converxencia entre os países, é dicir, unha política rexional europea potente e con recursos suficientes.

A inhibición do Goberno galego neste tema crucial para Galicia e a política europea do Goberno Aznar, de reivindicar e non construí-la U.E. do futuro, ademais do cambio de alianzas na guerra de Iraq, condúcenos a unha situación difícil e grotesca.


É, sen dúbida, grotesco que sexa un secretario xeral da Xunta o que define a política do Goberno galego nunhas xornadas, nas que "coincide" co o comisario de Política Rexional.

Polo exposto, a deputada asinante formula a seguinte pregunta:

¿Coñece o Goberno galego cal é a política de alianzas do Goberno de España para alcanza-lo obxectivo de que Galicia siga recibindo fondos como Rexión Obxectivo 1 na U.E. ampliada?


Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2003

Asdo.: Dolores Villarino Santiago
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hóreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

Salomé Alvarez Blanco, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.


Despois do fundimento do buque Prestige, entre os múltiples problemas medioambientais, económicos e sociais con que se atopa Galiza, hai un fundamental que ten moi preocupada a toda a sociedade galega e aos sectores máis directamente afectados e sobre o que esixen unha pronta solución: o pecio afundido a máis de 3.500 m. de profundidade con unha carga aproximada de 35.000 toneladas de fuel no seu interior.

Ante esta situación, asistimos a declaracións por parte dos responsábeis políticos que nos producen maior preocupación, pois das mesmas o que se deduce é que non teñen solucións para este problema e o único que tratan coas súas declaracións, moitas veces contradictorias, é “gañar tempo” e confundir á cidadanía.

Por todo o exposto, formulase a seguinte Pregunta para a súa resposta en Pleno:

Cóñece a Xunta de Galiza qué se vai facer co pecio afundido e en que prazo?


Santiago de Compostela, 2 de Abril de 2003


Asdo.: Salomé Alvarez Blanco

Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa. 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

Salomé Alvarez Blanco, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta oral en Comisión**.

Para dar cumprimento a Estratexia Galega de Xestión de Resíduos púxose en marcha, por parte da Consellería de Medio Ambiente, o Plano de Adecuación, Selado e Clausura de Vertedoiros de Galiza 1999-2005.

Para coñecer o desenvolvemento deste Plan aprésentase a seguinte Pregunta para a súa resposta en Comisión.

Cal é o desenvolvemento actual do Plan de Adecuación, Selado e Clausura de Vertedoiros de Galiza 1999-2005?

Considera a Consellería que o proceso de desenvolvemento do mesmo cumpre as previsións recollidas no mesmo e na Estratexia Galega de Resíduos?

Qué plans ten a Consellería para desenvolver nos anos 2003 e 2004 para dar cumprimento ao recollido no Plan?

Santiago de Compostela, 28 de Marzo de 2003

Asdo.: Salomé Alvarez Blanco

Deputada do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



Á Mesa do Parlamento

Salomé Alvarez Blanco, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta oral na Comisión 2.^a**, sobre a Planta de Resíduos Voluminosos de Galiza.

Entre os residuos xerados no noso país atópanse unha cantidade importante de residuos voluminosos: electrodomésticos, móbéis, ordenadores e outros.


A Consellería de Medio Ambiente anunciou a principios do ano 2001 a construción dunha Planta para o tratamento deste tipo de residuos.

En base a esto, preséntase a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a.

En qué fase se atopa a construción dunha Planta de Tratamento de Resíduos Voluminosos de Galiza? Onde está ubicada? Qué capacidade ten?

Qué tipo de residuos se van tratar nesta Planta? Inclúense aparatos eléctricos ou electrónicos con residuos considerados perigosos?

Qué tratamento se lle vai dar?




Qué cantidade de residuos voluminosos xenera Galiza anualmente? Qué se fai con eles?

Santiago de Compostela, 28 de Marzo de 2003

Asdo.: Salomé Álvarez Blanco
Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

Salomé Alvarez Blanco, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta oral en Comisión**, sobre a descontaminación de solos do Polígono de Torneiros.


A Consellería de Medio Ambiente asinou en Xaneiro de 2001 un protocolo de convenio de colaboración coas Universidades de Santiago e A Coruña para o estudo e avaliación de distintas técnicas de descontaminación para aplicar nos solos afectados polos verquidos de Lindano do Polígono de Torneiros no concello de O Porriño.

Os convenios estarían en vigor até decembro de 2002, aínda que poderían ser prorrogados.

Polo devandito é polo que se formula a seguinte Pregunta oral en Comisión:

Cal é o resultado dos estudos realizados na Universidade de Santiago e A Coruña para a descontaminación dos solos do Polígono de Torneiros, contaminados por Lindano?

Qué actuacións realizou a Consellería de Medio Ambiente en virtude deses estudos? Qué actuacións ten previsto realizar?



Cal é a situación actual dos solos contaminados do Polígono de Torneiros, en O Porriño?


Santiago de Compostela, 28 de Marzo de 2003

Asdo.: Salomé Álvarez Blanco

Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

Emilio López Pérez e Xosé Díaz Díaz, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Industria, referida a promesa da creación dun Polígono industrial no Corgo.


O Presidente da Corporación Municipal do Corgo comunicou ao pleno que recibira unha misiva de D. Manuel Fraga Iribarne anunciandolle a creación dun polígono industrial no Corgo perto de Gomeán.

Segun esta información Xestur-Lugo estaba a preparar as xestións para a adquisición de terreos.

A política de creación de polígonos industriais debería ter en consideración outra serie de parámetros como son as políticas de apoio aos sectores productivos, o desenvolvemento comarcal, a ordenación e diferenciación das actividades, etc.

Cando se desenrola un polígono, a parte da ubicación, interesa tamén ter previsto os futuros prezos das parcelas e a demanda existente.

O Concello do Corgo precisa de políticas de dinamización dos seus sectores productivos (gandeiría de vacun de carne e leite, madeira ou derivados, huestelería, servicios, etc.) e posta en valor das súas riquezas naturais, tanto



productivas como recreativas, por eso dende o Bloque Nacionalista Galego levamos demandando unha ordenación do seu territorio.

No caso do polígono industrial queremos garantir que non se convirta nunha de tantas promesas eleitorais a longo prazo, ou en simples gastos en terreos con mínimo rendemento.

Por eso formulamos as seguintes preguntas:


1ª) ¿Existe algunha comunicación oficial por parte dalgún organismo da Xunta ao Concello de O Corgo para a creación dun polígono industrial por parte de Xestur-Lugo no Concello de Corgo?

2ª) ¿Que extensión tería?

3ª) ¿Cal sería o custo dos terreos?

4ª) ¿Tense feito algunha xestión cos propietarios dos terreos ?

5ª) En caso afirmativo, ¿cales foron os seus resultados?




6ª) ¿Cando se comenzaría a construír e cando se remataría?

Santiago de Compostela, 26 de Marzo de 2003

Asdó.: Emilio López Pérez

Xosé Díaz Díaz

Deputados do G.P. do BNG



Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar e Miguel Cortizo Nieto, deputada e deputado pertencentes ó **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.


O Concello de Soutomaior vén depositando dende hai anos o lixo nunha zona de monte veciñal situada entre o campo de fútbol de Arcade, o cemiterio e o Río Verdugo, nunha férmosa paraxe coñecida como Monte Salgueiron.

Os residuos procedentes da recollida do lixo almacénanse cada día, transportados no camión do lixo do concello, nunha zanja aberta nesta zona do monte que se atopa cercada con un muro de perpiaño, sen que o terreo reuna as máis mínimas condicións para a almacenaxe de residuos sólidos urbanos e outros residuos que son tóxicos ou perigosos. Esta situación significa que o vertedoiro é un foco contaminante do subsolo a través da lixiviación que se produce polo efecto do clima tendo, entre outras, a consecuencia de contamina-los acuíferos cercanos.

A cousa agrávase porque por senón fose bastante coa desfeita da deficiente almacenaxe, utilízase para a súa eliminación un rudimentario sistema de, nin máis nin menos, combustión, é dicir, quéimase, provocando contaminación atmosférica grave, non só pola produción de cheiros senón polas substancias canceríxenas tipo dioxinas e furanos que nesa combustión se producen.

A maior abundamento, como consecuencia desta acumulación de residuos sólidos urbanos, e da súa eliminación mediante o “moderno” sistema de prenderlle lume, no verán de 2002 produciuse un incendio no monte circundante á zona de depósito do lixo, co que xa se redondea o desastre absoluto deste vertedoiro.

O perigo é pois constante, tanto para a saúde das persoas como para a protección do medioambiente, contravindo ademais toda a normativa legal en materia de residuos, augas e protección do ambiente atmosférico de Galicia.




Con base ó anteriormente exposto a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1.ª) ¿Coñece a Xunta de Galicia a existencia deste vertedoiro? De ser así, que actuacións ten levado a cabo para o seu selado definitivo?


2.ª) ¿Ten apercibido o Goberno galego ó concello de Soutomaior por estas instalacións que contraveñen toda a normativa medioambiental?

Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2003


Asdo: Carmen Gallego Calvar
Miguel Cortizo Nieto
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Horreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento


Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pergunta**, sobre os puntos pretos nas estradas da provincia de Lugo, para a súa contestación oral en Comisión.

Define-se como punto preto o lugar da estrada no que se detectan tres ou máis accidentes no período de un ano. Poden estar localizados nun punto quilométrico concreto ou referir-se a un tramo de estrada.

Apresenta a provincia de Lugo 12 puntos pretos nas súas estradas. Istes están sitos en: Lugo, Taboada, Barreiros, Abadin, Vilalba, Foz, Burela, O Corgo, Sárria, O Carqueixo, Muras e Xermade. Aínda esi, nas estradas comarcais da provincia existen outros puntos perigosos sen que cheguen á definición de pretos.

Os accidente producidos nistes puntos teñen dúas características esenciais: porducen-se á lus do día e son máis frecuentes nos tramos de saída das vías. Durante o ano 2002, apreciou-se un incremento da accidentalidade nistes puntos, case que duplicando a de anos anteriores e apreciando-se que algúns deles repiten a condición de pretos, sen nengunha esperanza de arranxamento para istes tramos.

Ante a situación anteriormente descrita, realizan-se as seguintes preguntas:



1ª) É coñecedora a Xunta de Galiza dista preta característica das estradas luguesas?

2ª) Pode a Xunta de Galiza explicar porqué non son arranxados istos tramos de estrada nas estradas comarcais luguesas?

3ª) Non cre a Xunta de Galiza na necesidade diste arranxamento?

4ª) Pode a Xunta de Galiza explicar os criterios que debe presentar unha estrada comarcal para que se decida arranxa-la?

5ª) Pode a Xunta de Galiza explicar se a siniestralidade é un criterio a ter en conta?

6ª) Qué orzamento concreto vai destinar a Xunta de Galiza para a reparación destes tramos nas estradas luguesas?


Pazo do Hórreo, 1 de Abril de 2003.

Asdo.: Alberte Rodríguez Feixóo

Deputado do G. P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

Salomé Alvarez Blanco, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta oral na Comisión 2ª**.

No Pleno do Parlamento Galego do 26 de Xuño de 2002 foi aprobada unha Proposición non de lei que instaba á Xunta de Galiza á posta en marcha dun Plan de recollida e tratamento de pilas, baterías e luces químicas usadas pola flota pesqueira galega.

Para un mellor coñecemento sobre o cumprimento desta resolución, é polo que se formula a seguinte PREGUNTA para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Ten a Xunta de Galiza un Plan para a recollida e tratamento de pilas, baterías e luces químicas usadas pola flota pesqueira galega?


De ser afirmativa a resposta, ¿qué medidas e prazos contempla?

Santiago de Compostela, 2 de Abril de 2003

Asdo.: Salomé Alvarez Blanco
Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

Salomé Alvarez Blanco, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta oral en Comisión**.


Despois do fundimento do buque Prestige, entre os múltiples problemas medioambientais, económicos e sociais con que se atopa Galiza, hai un fundamental que ten moi preocupada a toda a sociedade galega e aos sectores máis directamente afectados e sobre o que esixen unha pronta solución: o pecio afundido a máis de 3.500 m. de profundidade con unha carga aproximada de 35.000 toneladas de fuel no seu interior.

Ante esta situación, asistimos a declaracións por parte dos responsábeis políticos que nos producen maior preocupación, pois das mesmas o que se deduce é que non teñen solucións para este problema e o único que tratan coas súas declaracións, moitas veces contradictorias, é “gañar tempo” e confundir á cidadanía.

Por todo o exposto, formulase a seguinte Pregunta para a súa resposta en Comisión:

Cóñece a Xunta de Galiza qué se vai facer co pecio afundido?

Cal lle parece á Xunta de Galiza que é a mellor solución?



Cando se vai dar solución ao fuel que se atopa dentro do Prestige?


Santiago de Compostela, 2 de Abril de 2003

Asdo.: Salomé Álvarez Blanco

Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hómeo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



À Mesa do Parlamento


Domingos Merino Mejuto, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión, sobre a situación dos servizos de saneamento e depuración de augas no concello de Sada.

Hai tempo que distintos sectores sociais de Sada veñen manifestando o seu malestar co mal funcionamento e insuficiencia dos servizos de saneamento e depuración de augas existente naquela vila.

Como en outras localidades costeiras e de tradición turística, Sada triplica no vrazo a súa poboación o que excede a capacidade da depuradora en mais dun tercio da súa capacidade. No inverno os problemas principais derivan da non separación entre augas residuais e augas pluviais que desbordan o funcionamento da Edar.

Estas deficiencias orixinan problemas á poboación e á industria local e afectan á calidade de vida das persoas.

Nun recente debate neste Parlamento a propósito desta cuestión, o voceiro do Grupo Parlamentario Popular, recoñeceu que a Edar de Sada non funciona e que existen problemas estruturais e filtracións de auga salgada que impiden o normal funcionamento da estación.



Doutra parte a Edar de Veigüe coa que se pretendía atender outra zona costeira importante, está paralisada como consecuencia de que o emisario submarino está a ocasionar problemas nun parque mexiloeiro existente, circunstancia que non se tivo en conta á hora do seu deseño.

Unha nova tempada de vrao e de baño está próxima e estes problemas parecen que van seguir condicionando esa calidade de vida dos veciños e veciñas de Sada e o seu atractivo turístico.


Por todo o anterior presentase a seguinte Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión:

1ª) A que obedecen, segundo a Xunta, os problemas que impiden o funcionamento normal da Edar de Sada?

2ª) Existen filtracións de auga salgada na estación?

3ª) Tense detectado a presenza de verquidos tóxicos na mesma?. De que natureza?

4ª) Que ten que dicir a Xunta sobre o non funcionamento da Edar de Veigüe, varios meses despois de rematadas as obras, e que no deseño do seu emisario non se tivera en conta a necesidade dun maior alonxamento da costa, salvando as zonas de baño e os parques mexiloeiros existentes?



5ª) Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para resolver estes problemas e dotar á vila de Sada duns servicios de saneamento e depuración de augas de acordo as directivas comunitarias e pensados para unha poboación de ao menos 30.000 persoas?

Santiago de Compostela, 2 de Abril de 2003

Asdo.:Domingos Merino Mejuto
Deputado do G.P. do BNG




BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax: 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento


Tereixa Novo Arrojo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión

No curso escolar 2002-03, a Consellaría de Educación, modificou o calendario escolar, adiantando o inicio do curso ó 10 de setembro, para o alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria, máis a administración non tomou as medidas necesarias para que ese adianto se fixera nas condicións adecuadas, incumplindo a administración as súas propias normas.

Esta situación fixo que os nenos e nenas con algún tipo de minusvalía, que precisan dun coidador ou unha coidadora, tanto os escolarizados en centros ordinarios como en centros específicos, non poideran iniciar o curso ate o día 15 de setembro, data na que foron contratados/as os/as coidadores/as.

Ao tempo a Consellaría foi reacia e mesmo non chegou a cubrir prazas de coidadores ou coidadoras en centros onde se escolarizara alumnado que precisaba dos servizos dos/as coidadores/as

Por todo o exposto, é polo que formula-mos a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión



1ª) ¿Qué medidas vai tomar a Xunta de Galiza para que garantir que todo o alunado poda comezar o curso en igualdade de condicións?.

2ª) ¿Con que data van ser contratados/as os/as coidadores/as para o curso 2003-04?.

3ª) ¿Con que plantilla de coidadores e coidadoras conta a Xunta de Galiza, dependentes da Consellaria de Educación?.¿Teñen todos/as as mesmas condicións laborais?.

4ª) ¿Cantos centros, con demanda de coidadores/as, quedaron sen cubrir no curso 2002-03?. ¿Cais foron os motivos?.

5ª) ¿Qué criterios segue Xunta de Galiza á hora de adxudicar os/as coidadores/as ós centros?.

6ª) ¿Cantos coidadores/as ai en centros privados concertados ordinarios?.

Santiago a 27 de Marzo de 2003

Asdo.: Tereixa Novo Arrojo

Deputada do G.P. do BNG




BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento


Eduardo Gutiérrez Fernández, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión, sobre a colaboración da Xunta de Galiza coas bandas de música populares de Galiza.

Un recente estudo sobre as bandas de música populares de Galiza, da autoría de Roberto B. Chamadoira, editado pola Federación de Bandas de Música co apoio do IGAEM, pon de actualidade o importante papel das bandas populares no eido musical e cultural, algo no que todo o mundo concorda.

Contodo resultará útil non só coñecer o pasado e o presente destas agrupacións, senón tamén medir a sensibilidade da Administración autonómica a respecto das 116 bandas actuais cun plantel de mais de seis mil músicos, no marco xeral de desleixamento cara a música en xeral que caracteriza o labor da Consellaría de Cultura e que se pon de manifesto, ano após ano, no escaso orzamento dedicado a este eido, á marxe da falla de obxectivos estratéxicos en materia musical.

Mais sobre as bandas e o seu labor formulan-se as seguintes preguntas:

1ª) ¿Como se concreta o apoio da Consellaría de Cultura ás bandas de música populares de Galiza no eido orzamentario, isto é, a canto ascenden as subvencións directas e para qué fins?



2ª) Aparte disto, ¿emprende ou vai emprender a Consellaria algunha actuación para o fomento, a promoción, o espallamento, a formación, etc. das bandas de música populares de Galiza?

3ª) ¿ Considera a Consellaria de Cultura que o seu labor no eido que nos ocupa resulta o axeitado para a permanencia, o fomento, etc. das bandas de música populares de Galiza?

Santiago de Compostela, 31 de Marzo de 2003

Asdo.: Eduardo Gutiérrez Fernández


Deputado do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




Á Mesa do Parlamento

Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, sobre a falla de neurólogos na provincia de Lugo, para a súa contestación oral en Comisión.

Lugo é unha das provincias cun maior número de persoas de idade avanzada dentro á súa vez, dunha das comunidades que conta cunha poboación máis avellentada que o resto do Estado. Ista persoa que comportan a maior parte da poboación, ven-se afectadas por enfermidades propias da súa idade. Xeralmente as máis frecuentes atópanse no grupo das demencias e todas as súas variantes, sendo a enfermidade de alzhéimer a máis frecuente.

A enfermidade de alzhéimer, dadas as súas características, debe ser tratada dentro do campo da neuroloxía. Isto non sería ningún problema se non fora porque as aproximadamente 5.000 persoas que padecen esta enfermidade en toda a provincia de Lugo, son atendidas pola ridícula cifra de 6 neurólogos que, por suposto, non son dabondo para a demanda existente, o que crea un problema engadido ao principal como é o de que istas persoas son diagnosticadas por outros especialistas e ás veces tamén inician o tratamento a través doutras especialidades.



Non hai que esquecer que estes doentes deben contar cun seguimento e un tratamento especializado e directo, no que xogan un papel fundamental os familiares ou persoas que conviven co enfermo que, ás veces, non están preparadas para proporcionar-lles o coidado axeitado pola falla de información.

Ante a situación anteriormente descrita, realizan-se as seguinte preguntas:


1ª) Pode a Xunta de Galiza explicar o porqué dista situación de caréncia na sanidade luguesa?

2ª) Pode a Xunta de Galiza concretar o orzamento que se adica ao reforzamento dista especialidade na comunidade galega?

3ª) Pode a Xunta de Galiza, a méio da Consellería correspondente, concretar o orzamento que destina á provincia de Lugo?

4ª) Qué medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para lograr o incremento de profesionais nesta especialidade en Lugo dada a enorme demanda que presenta?

5ª) Qué medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para que os familiares dos enfermos coñezan como coidar aos afectados e como convivir coa enfermidade?



6ª) Ten xa a Xunta de Galiza algun programa de orientación para istas familias?


Pazo do Hórreo, 31 de Marzo de 2003.

Asdo. Alberte X. Rodríguez Feixóo

Deputado do G. P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 881 551 545
Fax. 0034 881 551 420. Fax prensa: 0034 881 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




Á Mesa do Parlamento

Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pergunta**, sobre a lista de espera para a realización de electromiografías no Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, para a súa contestación oral en Comisión.

Os pacientes que precisen realizar unha electromiografía en Lugo, teñen que agardar aínda ao ano que ven para que isto sexa factíbel.

A increíbel dotación material ca que conta o sistema sanitario lugués, alcanza o seu máximo esplendor niste tema, xa que se conta para Lugo cun só aparato para realizar as electromiografías; non un só para Lugo capital, un só para toda a provincia! Entre isto, e a maiores a falla de dotación tamén no referente ao persoal de atención, é practicamente normal que a lista de espera para a realización dista proba sobrepase o ano 2004.

Ante a situación anteriormente descrita, realizan-se as seguintes preguntas:



- 1ª) Qué pensa a Xunta de Galiza dista situación?
- 2ª) Cre a Xunta de Galiza que isto é normal?
- 3ª) Proporcionará a Xunta de Galiza os méios necesarios para a dotación material e humana, no que á realización de electromiografías en Lugo se refire?
- 4ª) Qué orzamento concreto destinará a Xunta de Galiza para ista dotación material e humana de carácter urgente?
- 5ª) Informará a Xunta de Galiza aos afectados de que probabelmente terán que agardar a realizar a súa electromiografía no novo hospital?
- 6ª) Non cre a Xunta de Galiza que con istas listas de espera xa nos imos acercando á inauguración do novo hospital?

Pazo do Hórreo, 2 de Abril de 2003.

Asdo. Alberte X. Rodríguez Feixóo.

Deputado do G. P. do BNG.




BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

Emilio López Pérez e Bautista Alvarez Domínguez, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Agricultura sobre a falla de participación da Xunta na elaboración dun proxecto de lei de montes do Estado.


Remátase de elaborar un proxecto de lei de montes no Estado no que a Xunta de Galiza, ao traveso dalgún representante da Consellería de Medio Ambiente tivo presenza nas consultas realizadas tomando como base un anteproxecto da lei:

A Xunta de Galiza non quixo ou non foi capaz de facer constar nise proxecto as necesidades e problemas do monte en Galiza.

As múltiples competencias que o Estatuto de Galiza nos outorga no referente a xestión e aproveitamento dos montes poden quedar relegadas e suplantadas por esta lei básica do Estado.

Tendo en conta os criterios cos que as institucións do Estado están a tratar a Galiza e as súas institucións a situación que se pode crear e preocupante.

Por eso formulamos as seguintes preguntas:



1ª) ¿Interesouse a Xunta de Galiza polos efectos que terá en Galiza a nova lei de montes que se vai a debater no Parlamento do Estado?

2ª) ¿En que entidades estivo presente a Xunta no debate deste anteproxecto?

3ª) ¿Fixo algunhas propostas?

4ª) ¿En que nos podería afectar a dita lei?

5ª) ¿Vai a Xunta seguir na mesma actitude?

6ª) ¿Pode a nova lei significar a redución das nosas actuais competencias neste cido?

Santiago de Compostela, 26 de Marzo de 2003


Asdo.: Emilio López Pérez

Bautista Alvarez Dominguez

Deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
go-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



À Mesa do Parlamento


Bieito Lobeira Dominguez e Xosé Díaz Díaz, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa contestación oral en Comisión sobre sobre ás previsións de creación do Centro nacional de innovación e Desenvolvemento de Tecnoloxías Marítimas, ao amparo do “Plan Galicia”, mais con cofinanciamento da Xunta de Galicia.

Segundo informou o Secretario Xeral de Política Científica do ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, Sr. Gonzalo León, prevé-se a creación do Centro nacional de innovación e Desenvolvemento de Tecnoloxías Marítimas, que se ubicará no Centro de Inovación e Servizos de Tecnoloxía e Deseño en Ferrol.

Calcula-se un investimento necesario de 12 millóns de euros, dos que a Xunta de Galiza tería que aportar case 5 millóns, isto é, unha cantidade similar á “solidariedade” que este país vai recibir das arcas comunitarias.

Non é de recibo que Galiza, país afectado por unha catástrofe aínda incalculábel a día de hoxe, teña que ofrecer-lle ao Goberno Central unha cantidade non despresábel, para a creación dun centro que finalmente dependerá do Goberno español.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.



1ª) Que consideración lle merece á Xunta de Galiza este trato discriminatório, tamén do punto de vista económico, dado á Galiza neste apartado do “Plan Galiza” destinado á creación do Centro nacional de Innovación e Desenvolvemento de Tecnoloxías Marítimas?

2ª) Que capacidade de decisión manterá a Xunta de Galiza sobre este novo centro?

3ª) Que finalidade terá este novo centro, e que tipo de tarefas desenvolverá?

4ª) En que periodo temporal estará operativo este centro?

5ª) Significará a desaparición do CIS-Ferrol a implantación deste centro

Santiago de Compostela, 25 de Marzo de 2003

Asdo.: Bieito Lobeira Dominguez

Xosé Díaz Díaz

Deputados do G.P. do BNG

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS

1.1.1 LEIS

1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO

1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO

1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS

1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI

1.2.1 PROXECTOS DE LEI

1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI

1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR

1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS

1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO

1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS

1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

2.1 INVESTIDURA

2.2 MOCIÓN DE CENSURA

2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS

3.1.2 OBXECCIÓNS

3.1.3 DICTAME DA COMISIÓN

3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO

3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS

3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

3.3.1 PROGRAMAS E PLANS

3.3.2 INFORME DA PONENCIA

3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS

3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

3.5 MOCIÓNS

3.5.1 MOCIÓNS

3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS

3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS

3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI

3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO

3.6.1.1 PROPOSICIÓNS

3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS

3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS

3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN

3.6.2.1 PROPOSICIÓNS

3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS

3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS

3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA

3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS

3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS CONTAS DO SECTOR PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO

4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN

4.2 INTERPELACIÓNS

4.3 PREGUNTAS

4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO

4.3.1.1 PREGUNTAS URGENTES

4.3.1.2 PREGUNTAS Ó PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

(Continúa)

- 4.3.2 PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN
- 4.3.3 PREGUNTAS POR ESCRITO
- 4.4 RESPÓSTAS A PREGUNTAS
- 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
- 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE Ó GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.3.1 NORMAS RELATIVAS Ó VALEDOR DO POBO
 - 5.3.2 INFORMES DO VALEDOR DO POBO
 - 5.3.3 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.1 NORMAS RELATIVAS Ó CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
- 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓN OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
- 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.1.1 COMPOSICIÓN DO PLENO
 - 7.1.2 COMPOSICIÓN DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.1.3 COMPOSICIÓN DA MESA DO PARLAMENTO
 - 7.1.4 COMPOSICIÓN DA MESA-XUNTA DE PORTAVOCES
 - 7.1.5 COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS
 - 7.1.6 COMPOSICIÓN DA MESA DAS COMISIÓNS
 - 7.1.7 COMPOSICIÓN DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.1 NORMAS DE RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.2 ESTATUTO DOS DEPUTADOS E GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2.3 ORZAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.2.4 CONTA XERAL DO PARLAMENTO
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.3.1 CONSTITUCIÓN DO PARLAMENTO
 - 7.3.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN POLAS QUE SE CREAN COMISIÓNS
 - 7.3.3 CONVOCATORIAS
 - 7.3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DOS ÓRGANOS DA CÁMARA
 - 7.3.4.1 CONVALIDACIÓN DOS ACORDOS DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.3.4.2 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DE COMISIÓNS NON PERMANENTES
 - 7.3.4.3 PRÓRROGAS DOS PERÍODOS DE SESIÓNS
 - 7.3.4.4 HABILITACIÓN DE DÍAS HÁBILES
 - 7.3.4.5 DÍAS E HORAS DE REXISTRO DE DOCUMENTOS
 - 7.3.4.6 OUTRAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS
 - 7.3.5 DISOLUCIÓN DO PARLAMENTO
- 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.3.1 CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA
 - 8.3.2 XESTIÓN ECONÓMICA
 - 8.3.3 CONVENIOS E ACORDOS
 - 8.3.4 AXUDAS E BOLSAS
 - 8.3.5 PUBLICACIÓNS
- 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS



Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727